

Estimadas familias,

Unha semana máis, que tal estades? Espero que animados e cheos de enerxía, ao igual que os nenos e nenas.

Sigo pedíndovos que, na medida do posible, continuedes coas rutinas de sempre (pasar lista, tendo en conta aos membros da familia e cuantificando as persoas que estades na casa; revisar o calendario; e mirar o tempo que fai valorando cal sería a roupa máis axeitada para cada día). Estas cousiñas dan seguridade aos nenos e nenas e axudan a reforzar infinidade de conceptos.

O traballo específico desta semana ten que ver coas **series lóxicas**.

Empregando útiles que todos nós temos na casa, neste caso garfos e culleres, imos tentar completar as dúas series que vos aparecen baixo estas liñas. Podedes imprimir as plantillas que vos ofrezco pero non é necesario. Os nenos e nenas poden valerse do ordenador para ver o que teñen que facer ou, incluso, podedes facerlles vós un debuxo sinxelo que os oriente.


SERIE 1.



SERIE 2:



De non imprimir, o debuxo simplificado da serie 1 podería ser algo así:



É un traballo que comezamos no cole e asegúrovos que require de moita concentración. Non é doado pero estou convencida de que os nenos e nenas nos sorprenderán novamente. Eu o fixen na miña casa, a ver que vos parece.

SERIE 1:



SERIE 2:



Tamén quería pedirvos nenos e nenas, de maneira totalmente voluntaria, que gravades un audio dicíndome quenes sodes, como o estades pasando na casa e o que máis botades de menos do cole. Vos parece ben?? O que eu máis boto de menos é a VÓS, estou desexando vervos.

Un abrazo moi moi forte,

Antía.

MÚSICA E PSICOMOTRICIDADE

Que tal foi esta semana peques? Espero que moi ben, esta vez preparádevos para algo novo e diferente. Preparados, listos, XA!

- <https://youtu.be/EfOgpN0ZQgk> Percusión corporal coa 5ª contradanza de Beethoven. Idea de “@mjpedagogiamusical”.
- <https://youtu.be/qmt4jPwulOc> E non podía faltar o noso novo reto.

Se non conseguides entrar polos enlaces que adxuntamos, podedes buscar en youtube:

- Música 4 leoteca.
- Reto 4leoteca

Moito ánimo e moitos moitos bicos!